

NORMATIVA INTERNA DE MOBILIDADE

Aprobada na Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o día 8 de xullo de 2021

Capítulo I. A mobilidade internacional.

Sección primeira.

Criterios de valoración das candidaturas.

Artigo 1. A selección das candidaturas para participar nalgún dos programas de mobilidade internacional (Erasmus+ Estudos, Santander Grao, ISEP, bolsas propias, etc.) levarase a cabo, cando así sexa necesario, atendendo ós seguintes criterios de valoración:

- a) Expediente académico.
- b) Coñecemento da lingua inglesa e, de non ser esta vehicular no país en que se atope o centro de acollida, a que alí se empregue.

Artigo 2. A puntuación correspondente ao expediente académico (**P₁**) calcularase ponderando a nota media do estudante tal como se indica a continuación:

$$P_1 = \text{nota media do expediente académico} \times \frac{\text{nº de créditos superados}}{\text{nº de créditos totais da titulación}}$$

A tal fin empregarase a nota media que figure no expediente do estudante na data en que se publique a convocatoria do correspondente programa de intercambio.

Artigo 3. A puntuación correspondente ao coñecemento de idiomas (**P₂**) obterase de acordo criterios que se recollen a continuación.

1. O coñecemento da lingua vehicular no país en que se atope o centro de acollida será valorado, ata un máximo de 6 puntos, de acordo coa seguinte escala axustada ao *Marco común europeo de referencia para as linguas*:

- A1: 1 punto.
- A2: 2 puntos.
- B1: 3 puntos.
- B2: 4 puntos.
- C1: 5 puntos.
- C2: 6 puntos.

O coñecemento de idiomas poderase acreditar:

- a) mediante a presentación de certificacións recoñecidas na convocatoria do correspondente programa de mobilidade ou
- b) mediante os resultados obtidos nas probas de idiomas organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, nos termos previstos nas convocatorias dos programas de mobilidade.

2. En tódolos centros situados en países nos que a lingua inglesa non sexa a vehicular, o coñecemento da mesma valorarase, ata un máximo de 3 puntos, tal como segue:

A1: 0,5 puntos.

A2: 1 puntos.

B1: 1,5 puntos.

B2: 2 puntos.

C1: 2,5 puntos.

C2: 3 puntos.

3. Sumarase medio punto (0,5), ata un máximo de un punto e medio (1,5), por cada certificación que non se axuste ao disposto no apartado 1 deste artigo sempre que, a xuízo da persoa responsable, aquela acredite debidamente o nivel de coñecemento da lingua de que se trate.

4. Sumarase medio punto (0,5), ata un máximo de un punto e medio (1,5), por cada materia da titulación correspondente cursada en inglés.

Artigo 4. A puntuación final (P_f) no procedemento de asignación de prazas obterase de acordo co disposto na seguinte táboa:

	Portugal e Italia	Países hispano- falantes	Resto de países
P₁	70%	100%	60%
P₂	30%	0%	40%
P_f	100%	100%	100%

Sección segunda.

Procedemento de asignación de prazas.

Artigo 5. Unha vez valoradas as candidaturas de acordo co disposto na *Sección primeira* desta normativa, o alumnado será agrupado por titulación (Grao en Dereito e Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito, dunha banda, e Grao en Relacións Humanas e Recursos Humanos, por outra) e deseguido ordenado de acordo coa puntuación final acadada.

Artigo 6. O alumnado será convocado a unha entrevista persoal na que, sempre de acordo co disposto no artigo precedente, poderá escoller calquera das prazas correspondentes á súa titulación que queden baleiras no momento de elixir.

Artigo 7. A orde de prelación de centros indicada por cada estudante na súa solicitude non o vinculará á hora de escoller unha praza na entrevista persoal, agás no caso das e dos estudantes do Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito. O alumnado desta titulación participará no procedemento de asignación de prazas da facultade (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ou Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais) que teña convenio co centro que figure en primeiro lugar na devandita orde de preferencia. Se tanto a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo como a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais tivesen convenio co mesmo centro, a ou o estudante será incluído no procedemento de asignación de prazas da primeira das facultades mencionadas.

Artigo 8. Calquera estudante poderá optar ás prazas que queden baleiras trala asignación, con independencia da titulación que estea cursando.

Artigo 9. Unha vez asignada a praza, unicamente motivos académicos poderán xustificar a adxudicación doutra diferente. En tal situación, o alumnado deberá remitir á persoa responsable das relacións internacionais un escrito explicativo das causas que motivan a súa solicitude de modificación de centro de acollida. En dito escrito deberá constar tamén o centro no que a ou o estudante desexa facer o intercambio.

Sección terceira.

A titorización.

Artigo 10. Para a elaboración do contrato de estudos, o alumnado contará co apoio dunha titora ou titor, cuxas tarefas enuméranse no artigo 9 do [Regulamento de mobilidade](#)

[internacional da Universidade de Vigo](#) aprobado no Consello de Goberno do 7 de maio do ano 2013. Cada un dos centros da listaxe de prazas ofertadas ás e aos estudantes da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo no marco dalgún dos programas de mobilidade internacional deberá estar asignado a algunha titora ou titor. En caso contrario, a titorización recaerá na persoa responsable das relacións internacionais.

Artigo 11. Unha vez que a proposta de contrato de estudos conte co visto bo do titor ou titora, o alumnado deberá solicitarlle á persoa responsable das relacións internacionais que o asine. En caso de que o estime pertinente, esta poderá revisar o contrato proposto e obrigalo a que se modifique algunha das convalidacións propostas.

Artigo 12. O contrato de estudos do alumnado dos graos en Dereito e en Relación Laborais e Recursos Humanos, e do Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito soamente será válido cando conte coa firma da persoa responsable das relacións internacionais da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Artigo 13. Ademais das que se lle poidan asignar conforme a esta normativa, as tarefas da persoa responsable das relacións internacionais do centro serán as recollidas no artigo 8 do [Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo](#) aprobado no Consello de Goberno do 7 de maio do ano 2013.

Sección cuarta.

Criterios académicos para a elaboración do contrato de estudos.

Artigo 14. Ao alumnado dos graos en Dereito e en Relación Laborais e Recursos Humanos, por un lado, e do Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito, por outro, non se lle poderán recoñecer, respectivamente, máis de **30** e **38** créditos ECTS por cuadrimestre ao abeiro dun programa de mobilidade internacional.

Artigo 15. O número máximo de créditos totais recoñecidos ao abeiro de programas de intercambio no estranxeiro será de **90 créditos ECTS** para os graos en Dereito e en Relación Laborais e Recursos Humanos, e de **144 créditos ECTS** para o Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito.

Artigo 16. As materias de formación básica (FB) ou de carácter obrigatorio (OB) na titulación correspondente da Universidade de Vigo soamente poderán ser convalidadas polas impartidas noutros centros estranxeiros cando as últimas amosen un contido e unha carga horaria **substancialmente similares** aos das primeiras.

Artigo 17. Non se poderán incluír no contrato de estudos materias que xa foran cualificadas como «suspenso» na Universidade de Vigo.

Artigo 18. Non se poderán incluír no contrato de estudos materias que, pertencendo á mesma área, se atopen divididas en dúas ou máis partes. Tampouco se poderá incluír no contrato de estudos a segunda ou sucesivas partes dunha materia sen ter superado a precedente.

Artigo 19. Os cursos de idiomas realizados no estranxeiro non poderán dar lugar en ningún caso ao recoñecemento de créditos correspondentes a materias de formación básica (FB), ou de carácter obrigatorio (OB) ou opcional (OP).

Sección quinta.

O recoñecemento das cualificacións obtidas no estranxeiro.

Artigo 20. O recoñecemento das cualificacións obtidas no estranxeiro deberá axustarse ao disposto no [Anexo II. Tablas de equivalencias por países](#) da [Resolución de 21 de marzo de 2016, de la Dirección General de Política Universitaria, por la que se actualiza la relación de escalas de calificación de los estudios o títulos universitarios extranjeros y las equivalencias al sistema de calificación de las universidades españolas.](#)

Capítulo II. A mobilidade nacional.

Artigo 21. A selección das candidaturas para participar no programa de mobilidade nacional (SICUE) levarase a cabo, cando así sexa necesario e con carácter subsidiario, empregando o expediente académico como principal criterio de valoración:

Artigo 22. A puntuación correspondente a cada candidatura calcularase ponderando a nota media do estudante tal como se indica a continuación:

Puntuación = nota media do expediente académico x $\frac{\text{nº de créditos superados}}{\text{nº de créditos totais da titulación}}$

A tal fin empregarase a nota media que figure no expediente do estudante na data en que se publique a convocatoria do correspondente programa de intercambio.

Artigo 23. Para a elaboración do contrato de estudos, o alumnado contará co apoio dunha titora ou titor. Cada un dos centros da listaxe de prazas ofrecidas ás e os estudantes da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo no marco do programas de mobilidade nacional deberá estar asignado a algunha titora ou titor. En caso contrario, a titorización recaerá na persoa responsable das relacións internacionais.

Artigo 24. Unha vez que a proposta de contrato de estudos conte co visto bo do titor ou titora, o alumnado deberá solicitarlle á persoa responsable das relacións internacionais que o asine. En caso de que o estime oportuno, esta poderá revisar o contrato proposto e obrigar a que se modifique algunha das convalidacións inicialmente propostas. O contrato de estudos tamén deberá contar coa firma da Decana ou Decano da facultade.

Artigo 25. O contrato de estudos do alumnado dos graos en Dereito e en Relación Laborais e Recursos Humanos, e do Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito soamente será válido cando conte coa firma da persoa responsable das relacións internacionais da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Artigo 26. Ao alumnado dos graos en Dereito e en Relación Laborais e Recursos Humanos, por un lado, e do Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito, por outro, non se lle poderá recoñecer, respectivamente, máis de 30 e 38 créditos ECTS por cuadrimestre ao abeiro do programa SICUE.

Artigo 27. As materias de formación básica (FB) ou de carácter obrigatorio (OB) na titulación correspondente da Universidade de Vigo soamente poderán ser convalidadas polas impartidas noutros centros de ámbito nacional cando as últimas amosen un contido e unha carga horaria **substancialmente similares** aos das primeiras.

Artigo 28. Non se poderán incluír no contrato de estudos materias que xa foran cualificadas como «suspense» na Universidade de Vigo.

Disposición adicional. Calquera aspecto dos programas de mobilidade internacional non recollido nesta normativa será regulado de acordo co disposto polo [*Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo*](#) aprobado no Consello de Goberno do 7 de maio do ano 2013.

Disposición final. Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación na Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.